

CAIXA DE CORREO FEMINISTA “MULLERES CON FORZA”

Co gallo de sensibilizar a sociedade sobre a necesidade da loita feminista e para recoñecer e/ou coñecer o pensamento feminista, a Casa da Muller quere propoñerlle á cidadanía a actividade caixa de correo feminista “Mulleres con forza”.

Pretende ser unha campaña de sensibilización para o coñecemento das referentes feministas e a percepción xeral sobre pensamento feminista da poboación.

Ten por obxecto medir o grao de coñecemento sobre mulleres feministas e o seu pensamento, así como favorecer que se traballe nesta materia nos centros educativos e asociacións.

Poderase participar de xeito individual ou ben a través dos centros educativos de primaria, secundaria e universidade e das asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

BASES

1. PARTICIPANTES

Poderán concorrer todas as persoas interesadas, de forma individual (maiores de 18 anos), e/ou colectiva a través dos centros educativos de calquera nivel e/ou asociacións.

2. PRESENTACIÓN

Deseñouse unha tarxeta postal que poderá ser descargada da páxina web do Concello www.lugo.gal para posteriormente imprimila.

Unha vez cubertas, as tarxetas postais poden ser depositadas na caixa de correo feminista “Mulleres con forza” ou enviadas ao correo electrónico da Casa da Muller cmuller@concellodelugo.org. Aquelas postais que non cumpran coa pretensión de sensibilización e coñecemento do pensamento feminista serán destruídas.

3. PRAZO

O prazo de presentación será até o 22 de abril de 2019

4. PREMIOS

Outorgaranse de maneira aleatoria, entre todas as tarxetas postais depositadas na caixa do correo feminista ou remitidas ao correo electrónico da Casa da Muller, sempre e cando cumbran os requisitos.

10 PREMIOS NA CATEGORÍA INDIVIDUAL (só persoas maiores de 18 anos):

- persoas maiores de idade que depositaran o seu pensamento feminista na caixa de correo "Mulleres con forza" recibirán un lote de material 8M da Casa da Muller.

5 PREMIOS NA CATEGORÍA COLECTIVA

CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CENTROS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E/OU FP

CENTROS UNIVERSITARIOS

ASOCIACIÓNS E/OU ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

OUTRAS COLECTIVIDADES

As colectividades escollidas recibirán un lote de material 8M da Casa da Muller adaptado ao número e idade das persoas participantes

5. SORTEO

O sorteo, de carácter público, será realizado nas instalacións da Casa da Muller o día 26 de abril ás 12 h.

Para participar, por motivos de espazo, debe ser comunicada a asistencia con 24 h de antelación a través do correo cmuller@concellodelugo.org ou telefonicamente.

6. EXPOSICIÓN

Se a calidade das propostas o permite, as tarxetas/postais que se reciban serán expostas tras a comunicación ás/aos participantes

e coa publicidade oportuna nalgún dos espazos públicos do Concello de Lugo.

7. PUBLICIDADE

Estas bases poderán ser consultadas na páxina web www.lugo.gal e na Casa da Muller.

8. NORMA FINAL

Participar neste concurso implica o coñecemento e aceptación destas bases.

O Concello de Lugo e a Casa da Muller quedarán facultados para a resolución de dúbidas e adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do concurso.

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.